

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OIA
Edificio	Igrexa de San Pedro de Burgueira
Dirección	Lugar do Campo, 62 36779
	42.00854661449801 -8.827450113533848
Protección	
Descricion	<p>A igrexa, que data do 1808 segundo unha data gravada nunha lenda da torre, posúe planta rectangular, con tellado a dúas augas, e dúas capelas laterais adosadas unha a cada lado, aproveitando os ocos de 3 dos 5 contrafortes, e no lado sur a sancristía.. A fachada está flanqueada por dúas pilastras con base e capitel de fuste liso, coroadas con pináculos en forma de bola. A porta é dintelada e sobre ela se representa, en forma de figura de pedra, ao santo baixo unha fornela sustentada por unha peaña,e mesmo sobre ela, unha fiestra moldurada. Presenta tres rúas separadas por perpiaños ben traballados e do mesmo tamaño, colocados a modo de columnas adosadas, que percorren toda a fachada e continúan ata o segundo corpo da torre. A rúa central enmarca a porta que está alintelada.</p> <p>Unha pequena cornixa, á altura do capitel das pilastras laterais, separa o outro corpo ata a base da torre. Nel atopamos un brazo que suxeita un foco de luz, e unha cartela coas chaves de S. Pedro e a data de construción. Á ámbolos lados e un pouco máis baixos que a fornela de S. Pedro, sobre peañas circulares, as imaxes de S. Xoán Bautista e a Virxe do Rosario. Dúas volutas rematan as rúas laterais ascendendo ata a base da torre.</p> <p>A torre é de base cadrada e con dous corpos. Ámbolos dous péchanse con balaustrada de pedra en todo o perímetro e con pináculos piramidais nos ángulos da balaustrada. O primeiro corpo ten catro ocos para campás, con arco de medio punto, e adórnase nos esquinais con perpiaños da mesma factura que os que fan as rúas da fachada principal. O segundo corpo remátase en cúpula de media laranxa e pináculo con cruz pétreo.</p> <p>O presbiterio ten bóveda de cruzaría apoiada no arco triunfal e en dúas fortes columnas adosadas nos ángulos da cabeceira da igrexa.</p> <p>Conserva seis retablos. O maior ocupa todo o paramento leste do presbiterio. No centro da predela, que só ocupa a parte central, está o sagrario con cupulín. E mesmo enriba del unha gran fornela que acolle unha pirámide escalonada en tres corpos decrecentes para o expositor central. Hoxe en día no segundo escalón está a imaxe do patrón S. Pedro, e no expositor un Neno Xesús. Remátase a fornela coa tiara papal e por riba a representación da Trindade no ollo de Deus. O remate é con frontis semicircular e decoración vexetal. As dúas rúas laterais sepáranse por grandes columnas de fuste estriado e capitel corintio que sosteñen os xarróns de remate. Cérranse con pilastras tamén estriadas, e dos seus capiteis nace o arco de cerre que se adapta perfectamente ao medio punto do paramento.</p> <p>Na súa orixe esta igrexa foi románica, que segundo parece no ano 1137 Alfonso VII donou xunto a outras aos freires do Mosterio de Oia.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	

Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	FRANCO BARROS, Óscar / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	07-05-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre das campás	Campá grande (2)	OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)	1943		
Torre-campanario	Campá pequena (1)	PELLÓN (SAN BREIXO DE ARCOS)	1844		

Información completa: [Igrexa de San Pedro de Burgueira - OIA \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)